

PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO 2022 - 2026



CPI.de Atios

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN	3
2. MARCO LEXISLATIVO	3
3. PROFESORADO IMPLICADO	4
4. DESCRICIÓN DO CENTRO	5
4.1. CARACTERÍSTICAS	5
4.2. SITUACIÓN XEOGRÁFICA	5
4.3. A POBOACIÓN	6
4.4. ALUMNADO	6
5. DEFINICIÓN DO ESTADO DA CUESTIÓN	7
5.1. DETERMINACIÓN DA SITUACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA DO CENTRO	7
5.1.1. Contexto sociolingüístico do centro	7
5.1.2. A situación do profesorado	8
5.1.3. A situación do alumnado	8
5.1.4. A presenza da lingua galega na vida do centro	9
5.2. DECISIÓN AO RESPECTO DA LINGUA EN QUE SE IMPARTEN AS MATERIAS	10
5.2.1. EDUCACIÓN INFANTIL	11
5.2.2. EDUCACIÓN PRIMARIA	11
5.2.3. EDUCACIÓN SECUNDARIA	12
5.3. AVALIACIÓN INICIAL DO CPI ATIOS	13
5.3.1. Integración do currículo	14
5.3.2. Metodoloxía	14
5.3.3. TIC	15
5.3.4. Participación das familias e institucións do contorno	15
5.3.5. Seccións bilingües	16
5.3.6. Biblioteca	17
6. OBXECTIVOS E PROPOSTAS DE ACTUACIÓN DO PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO	18
6.1. EDUCACIÓN INFANTIL	18
6.1.1. OBXECTIVOS	18
6.1.2. PROPOSTAS DE ACTUACIÓN	19
6.2. EDUCACIÓN PRIMARIA	19

6.2.1. OBXECTIVOS	19
6.2.2. PROPOSTAS DE ACTUACIÓN	20
6.3. EDUCACIÓN SECUNDARIA	21
6.3.1. OBXECTIVOS E PROPOSTAS DE ACTUACIÓN	21
7. OBXECTIVOS E METODOLOXIA PARA O FOMENTO DAS LINGUA ESTRANXEIRAS	23
7.1. LINGUA FRANCESA	23
7.1.1. OBXECTIVOS	23
7.1.2. METODOLOXÍA	24
7.2. LINGUA INGLESA	25
7.2.1. EDUCACIÓN PRIMARIA	25
7.2.1.1. OBXECTIVOS	25
7.2.1.2. METODOLOXÍA	26
7.2.2. EDUCACIÓN SECUNDARIA	27
7.2.2.1. OBXECTIVOS	27
7.2.2.2. METODOLOXÍA	28
8. OBXECTIVOS E LIÑAS DE ACTUACIÓN PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA	29
8.1. OBXECTIVOS	29
8.1.1. OBXECTIVOS XERAIS	29
8.1.2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	29
8.2. PROPOSTAS DE ACTUACIÓN PARA A DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA	31
9. ATENCIÓN A DIVERSIDADE	43
10. CONCLUSIÓNS	45

1. INTRODUCCIÓN

A linguaxe xoga un papel fundamental na formación do alumnado, xa que é a ferramenta principal de comunicación, de socialización e de aprendizaxe. Polo tanto, ten que ser un dos eixos vertebradores da nosa planificación. Debemos establecer, neste plan lingüístico do centro, as actuacións para a mellora da competencia en comunicación lingüística e para logralo é necesario que nel estea implicado todo o profesorado.

2. MARCO LEXISLATIVO

As bases lexislativas para a elaboración deste Proxecto Lingüístico de Centro están contidas en:

- [Constitución española. 1978](#)

Artigo 3: “As outras linguas serán tamén oficiais nas respectivas Comunidades autónomas...”.

Artigo 20: “...respectando o pluralismo da sociedade e das diversas linguas de España”.

- [Estatuto de Autonomía. 1981](#)

Artigo 5: “A lingua propia de Galicia é o galego”, etc.

- [A Lei 3/1983, do 15 de xuño](#), de normalización lingüística, de conformidade coas disposicións precedentes, garante a igualdade do galego e do castelán como linguas oficiais de Galicia e posibilita a incorporación da lingua galega á Administración, ao ensino e aos medios de comunicación públicos, favorecendo un cambio de tendencia na súa consideración social e na incorporación do idioma a novas esferas da vida social. O artigo 14 desta lei indica que ao remate do ensino obrigatorio se garantirá a igualdade de competencia lingüística nos dous idiomas oficiais.

- [Decreto 79/2010, do 20 de maio](#), para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia. Este decreto di textualmente nos seus primeiros parágrafos o seguinte:

“As linguas constitúen un elemento básico de identidade cultural e representan un valor fundamental de cohesión dunha comunidade. O artigo 3 da Constitución española establece, no seu punto 1º, que o castelán é a lingua oficial do Estado, e, no punto 2º, que as demais linguas españolas serán tamén oficiais nas respectivas

comunidades autónomas de acordo cos seus estatutos, e sinala que a lingua é un patrimonio cultural que será obxecto de especial respecto e protección.”

Para conseguir estes fins, cómpre afondar no desenvolvemento dos preceptos da Lei de normalización lingüística no tocante ao ensino, sen dúbida un sector fundamental para a implantación de hábitos lingüísticos en galego. Neste sentido, é necesario reforzar a dimensión comunicativa do galego en relación con contextos vivos, facilitarlle ao alumnado unha oferta educativa que o axude a percibir a utilidade da lingua e que o capacite para o seu uso correcto e eficaz, erradicando especialmente o seu emprego sexista en todos os ámbitos e respectando, así mesmo, a situación sociolingüística en que se enmarca cada centro.

3. PROFESORADO IMPLICADO

O grupo de traballo para a elaboración do Plan Lingüístico de Centro formouse segundo o artigo 14.2 do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia: *“O proxecto lingüístico será redactado por unha comisión do profesorado do centro, nomeada polo equipo directivo e oída a comisión de coordinación pedagóxica. Formarán parte dela, como mínimo, os xefes/as dos departamentos de linguas e o coordinador/a do equipo de dinamización da lingua galega. Será aprobado e avaliado polo consello escolar do centro educativo”*.

Profesorado integrante do grupo de traballo encargado da elaboración do PLC

- M^a Sonia Corral Almeida (Responsable de Biblioteca)
- Zeltia Rodríguez Rodríguez (Responsable da Biblioteca)
- Eva Couce Coba (Xefa Departamento Lingua e Literatura Castelá)
- María Luisa Pita Rubido (Xefa Departamento de Lingua e Literatura Galega)
- Alejandro Cadarso Vázquez (Xefe Departamento de Lingua Inglesa)
- Vanessa Pita Santalla (Coordinadora do Equipo de Dinamización da Lingua)
- Tania Ruanova Suárez (Xefa de Estudos)
- Cristina Martínez Romero (Xefa do Departamento de Orientación)
- M^a Balbina Manso Lorenzo (Coordinadora de Educación Infantil)
- Cristina Soto Fernández (Sección bilingüe de Educación Primaria)
- Antonio Cebreiro Melero (Director)

4. DESCRICIÓN DO CENTRO

4.1. CARACTERÍSTICAS

O CPI de Atios, catalogado na Rede de Centros como Centro de catro unidades de Educación Infantil, trece unidades de Educación Primaria e oito de ESO está a funcionar con cinco unidades de Ed. Infantil, trece de Ed. Primaria e dez de ESO incluíndo os Programa de Mellora en 3º de ESO.

As unidades de Educación Infantil, e o 1º, 2º e 3º curso de EP están emprazadas na planta baixa así como o comedor.

As unidades correspondentes a 4º, 5º, e 6º de Educación Primaria están situadas no 1º andar xunto coa aula do grupo de mellora, a de desdobre da Eso, a de Plástica e Visual, o Laboratorio, a aula de Tecnoloxía, a aula de PT de EI e EP, un pequeno espazo, destinado a varios departamentos que se utiliza como aula de PT e dous espazos reducidos para os departamentos de Lingua Castelá, Lingua Galega, Equipo de Dinamización da Lingua Galega, Lingua Inglesa, Lingua Francesa e Matemáticas. Ademais nestes espazos hai que facer desdobres de Atención Educativa de EI e EP e de Linguas Estranxeiras.

No 2º andar están as aulas de ESO, a aula de Música, a de Informática, a Biblioteca, a aula de PT de ESO, a aula de AL, o Departamento de Orientación e un espazo reducido que se utiliza para os departamentos de Xeografía e Historia e o departamento de Relixión e para facer os desdobres de atención educativa en ESO e de exentos de francés en 1º e 2º de ESO.

Fomos un centro pioneiro en moitas cousas, un dos primeiros en aplicar medidas de atención á diversidade como grupos de Ciclo Adaptado, Agrupamentos Específicos.

4.2. SITUACIÓN XEOGRÁFICA

O CPI de Atios está situado á beira da estrada que comunica Valdoviño con San Sadurniño, na Avda. de San Sadurniño, nº 33 . Está na parte alta do núcleo de poboación que forma a capital do concello o que permite disfrutar dunha das mellores vistas da praia e a lagoa da Frouxeira.

A comunicación cos núcleos de poboación máis próximos (Narón, Ferrol, Cedeira, San Sadurniño) é bastante boa no tocante á rede viaria pero precisa melloras en canto ao servizo de transporte público.

4.3. A POBOACIÓN

Dende o punto de vista socio-xeográfico o único que se pode considerar como núcleo semiurbano é a capital municipal pero o que predomina é a configuración rural e diseminada. A meirande parte das vivendas , unifamiliares de baixo e planta, son de boa calidade pero presentan un grao de dispersión elevado con respecto ao centro o que fai necesario que un 95% do alumnado utilice o transporte escolar e un 46% o comedor escolar. Moitas das vivendas non están habitadas pola familia nuclear, senón que conviven outros familiares (avós, tíos...)

Na análise da composición social ou procedencia económica das familias verificamos que unha porcentaxe moi alta pertence a unha clase social medio-baixa, adicándose os pais a traballar no sector terciario ou nas industrias dos concellos limítrofes. En moitos casos hai, ademais, unha agricultura e unha gandeira de autoconsumo asi como actividades relacionadas cos mar

No aspecto socio-cultural, a formación académica das familias presenta un nivel predominante de estudos básicos, ás veces incompletos, se ben a tendencia dos últimos anos é a dunha progresiva mellora da situación cun acadamento dun nivel de estudos secundarios nunha porcentaxe bastante alta da poboación comprendida entre os 18 e os 25-30 anos, na súa maior parte, castelán-falantes. Xa que logo, asistimos á diferenciación de usos lingüísticos propia de situacións diglósicas e a un proceso de deterioro do galego oral e de perda de falantes asociada ao proceso de urbanización e perda de poboación no rural.

4.4. ALUMNADO

A procedencia do noso alumnado é a seguinte: un 75% aproximadamente procede das parroquias máis próximas á capital municipal: Meirás, Lago, Valdoviño, Sequeiro, San Bartolo e Aviño e o 25% restante de Pantín, Vilarrube, Loira e Vilaboa.

En xeral, o alumnado é bastante homoxéneo aínda que presenta dificultades en casos concretos para a formación de grupos e para a integración dos alumnos con características persoais específicas. Non temos integración xitana. O nivel de alumnado con fracaso é medio, máis baixo en EI e EP e máis alto en ESO.

5. DEFINICIÓN DO ESTADO DA CUESTIÓN

5.1. DETERMINACIÓN DA SITUACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA DO CENTRO

O CPI Atios está situado no Concello de Valdoviño (A Coruña). Como tal CPI integra nun mesmo espazo as tres etapas educativas, característica que tentaremos aproveitar de xeito positivo para o desenvolvemento dos proxectos pedagóxicos a desenvolver tendo en conta unha visión máis ampla cara á planificación lingüística ao longo dos distintos cursos escolares.

A continuación faremos unha análise que nos permita definir os catro índices máis relevantes para coñecer a realidade sociolingüística do Centro e do seu contorno:

- Contexto sociolingüístico do centro
- A situación do profesorado
- A situación do alumnado
- A presenza da lingua galega na vida do centro

Para esta análise utilizáronse distintos métodos: a observación da realidade, a consulta de fontes secundarias de información (Mapa Sociolingüístico de Galicia, Censo de poboación) e cuestionarios realizados ás familias que permitiron coñecer os datos da realidade do noso alumnado.

5.1.1. Contexto sociolingüístico do centro

As variables deste apartado refírense á maior ou menor presenza das linguas no contexto físico e social en que está situado o Centro.

1. A lingua habitual entre a xente maior nos fogares é o galego (segundo reflicte o Mapa Sociolingüístico de Galicia no ámbito rural). Poderíamos dicir que estamos nun contorno galego falante entre as xeneracións dos avós e avoas que manteñen unha actitude favorable ao uso do galego aínda que dificultada cada vez máis, quizais pola presión social ou pola falla de factores que favorezan o potenciamento e a valoración da validez da lingua galega fronte a calquera outra e en calquera ámbito.

A presenza do castelán é cada día máis forte debido ao influxo das poboacións urbanas do contorno onde o alumnado do noso centro, e as súas familias, van mercar ou disfrutar do seu tempo de lecer. Constatamos que o noso alumnado utiliza o castelán para a súa comunicación cotiá, o que conleva a falla de mantemento xeracional da lingua galega.

2. En canto á lingua habitual nas interaccións comunitarias, apreciamos as mesmas circunstancias que no punto anterior. Entre a xente maior utilízase a lingua galega de maneira habitual, o que se percibe nunha boa fonética e no mantemento de estruturas morfosintácticas propias do galego, así como o uso de moito léxico. Nembargantes, entre a poboación máis nova é o castelán o que prevalece.

3. A lingua empregada polo concello na comunicación cos administrados é de maneira xeral o galego aínda que en determinadas ocasións e documentos, emprégase tamén o castelán.

4. A lingua empregada polas entidades asociativas do contorno é predominantemente o galego, aínda que nalgúns ámbitos hai unha presenza significativa do castelán.

5.1.2. A situación do profesorado

O equipo docente está conformado por un total de 50 profesionais. As variables deste punto buscan coñecer cal é o perfil sociolingüístico do profesorado.

1. No noso Centro non hai docentes que falen exclusivamente en castelán. Este feito favorece a boa disposición que se necesita para a dinamización da nosa lingua. O uso do galego entre o profesorado está xeneralizado: hai unha porcentaxe de compañeiras e compañeiros que, falando as dúas linguas, utilizan predominantemente o castelán, outra porcentaxe exprésase exclusivamente en galego e unha grande maioría utiliza indistintamente galego ou castelán.

2. A meirande parte do profesorado considera que ten unha capacidade alta ou media para empregar o galego na súa actividade docente.

3. A maioría do persoal docente manifesta ter unha actitude favorable ou moi favorable cara á utilización do galego no ámbito educativo.

4. O profesorado amosa a súa actitude positiva cara á normalización social do galego.

5.1.3. A situación do alumnado

A relación do alumnado matriculado nas diferentes etapas educativas a día de hoxe, é a seguinte:

Educación Infantil:	69
Educación primaria:	266
Educación secundaria obrigatoria:	189

TOTAL	524
-------	-----

As variables deste punto buscan coñecer cal é o perfil sociolingüístico deste alumnado. Xa que o traballo da nosa planificación está encamiñado a conseguir que o alumnado logre os obxectivos previstos, é sumamente importante sabermos cal é a súa bagaxe no inicio de cada unha das etapas.

1. O alumnado das tres etapas educativas fala maioritariamente o castelán.

2. Na lingua habitual das familias predomina o emprego do castelán nas relacións pais-nais / fillos-fillas, habendo un maior equilibrio co galego nas relacións dos netos e netas coas avoas e avós.

3. No ámbito escolar a tendencia é que o alumnado fala maioritariamente en castelán.

4. En xeral, a competencia lingüística a nivel da escrita en lingua galega é boa, non sendo tan aceptable a nivel oral.

5. Parte do alumnado ten unha actitude favorable cara á utilización do galego no ámbito educativo, mentres que no uso cotiá, no tempo de lecer, coa familia, etc. amosase maioritariamente indiferente.

6. Constatamos que unha pequena parte do alumnado ten unha actitude favorable cara á normalización social do galego mentres que para a maioría é indiferente.

En conclusión, se ben as competencias lingüísticas a nivel da escrita na lingua galega son bastante boas, non podemos dicir o mesmo das competencias a nivel oral. A lingua empregada maioritariamente polo alumnado é o castelán, aínda que exista alternancia de ámbalas dúas linguas nunha porcentaxe pequena de nenas e nenos, tanto no ámbito académico como social e persoal. Cara á normalización da lingua galega, a actitude do alumnado móvese entre unha actitude favorable e indiferente.

5.1.4. A presenza da lingua galega na vida do centro

O CPI Atios conta con 7 persoas de persoal non docente: o conserxe, unha administrativa, catro traballadoras de cociña, unha cuidadora, así como outros membros de persoal colaborador de comedor, cafetería, actividades extraescolares e os membros da ANPA, cunha presenza moi activa na vida escolar.

As variables deste punto buscan coñecer cal é a presenza que ten a lingua galega na vida do Centro, fóra da que teña nas actividades docentes.

1. A presenza da lingua galega na documentación administrativa, no rotulado do centro, nas notas informativas dos taboleiros, etc. é plena.

2. A lingua galega emprégase na case totalidade das interaccións co alumnado, coas familias e con outras institucións.

3. O emprego da lingua galega por parte do persoal non docente do Centro é aceptable.

4. Os membros da ANPA exprésanse indistintamente en galego ou en castelán.

5. A lingua galega emprégase na totalidade da realización das actividades extraescolares.

6. A dotación de fondos en galego na Biblioteca é aceptable.

7. A presenza da lingua galega na utilización das TIC é boa.

8. As accións do EDLG están moi presentes nos proxectos pedagóxicos e na vida escolar do CPI de Atios.

Partindo da nosa realidade lingüística marcámonos como obxectivo prioritario incrementar os niveis de uso do galego, fomentando especialmente a lingua oral, a súa valoración positiva e a súa recuperación, tentando utilizala en calquera tipo de contexto, non só no ámbito académico, senón nos diferentes aspectos da vida do Centro.

5.2. DECISIÓN AO RESPECTO DA LINGUA EN QUE SE IMPARTEN AS MATERIAS

A distribución lingüística no presente curso escolar 18-19 axústase ao establecido no **Decreto 79/2010, de 20 de maio para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia**, no tocante ao reparto das asignaturas impartidas en lingua galega, lingua castelá ou lingua estranxeira.

Asemade, tendo en conta a **sentenza 01286/2012 do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza**, que reflicte o interese dos tribunais en paliar as desigualdades no uso das linguas cooficiais e conceder aos centros escolares maior autonomía neste tema, tentaremos co noso Proxecto Lingüístico potenciar a máis desfavorecida, a lingua galega, co fin de conquistar a normalización e dinamización do seu emprego e as competencias de uso, tanto a nivel escrito como oral, por parte do noso alumnado. Será competencia de cada Departamento e dos Equipos dos distintos Ciclos de E.I. e E.P. reaxustar que contidos, materiais de consulta,

ferramentas de traballo, etc. haberá que impartir na lingua galega para poder acadar as devanditas competencias lingüísticas.

5.2.1. EDUCACIÓN INFANTIL

Na etapa de Educación Infantil utilizamos como lingua vehicular aquela na que se expresa o alumnado cando se incorpora ao Centro. Segundo a lei prevé, haberá unha atención individual e personalizada para todos e cada un dos alumnos e alumnas.

Porén, o profesorado imparte parte dos contidos das áreas e materiais en galego, coa finalidade de lograren o obxectivo de equilibrar ámbalas dúas linguas ata acadar o 50 % .

No horario de Lingua Estranxeira facilítanselles actividades e materiais na lingua que se imparte.

5.2.2. EDUCACIÓN PRIMARIA

Como estipula o **Decreto 79/2010, de 20 de maio para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia**, impártese en galego a materia de Ciencias da Natureza e Ciencias Sociais e, en castelán, as Matemáticas.

O citado decreto establece que o resto das materias impartiranse en galego ou castelán, segundo acordo do centro, mantendo sempre unha porcentaxe equilibrada de horas entre as dúas linguas.

A partir do curso 22-23, coa aplicación da nova lei educativa (LOMLOE), será necesario aplicalo ás novas materias, quedando reflectido neste proxecto o reparto de horas nos cursos impares, nos que xa se aplica a lei.

Deste xeito, o reparto é o que segue:

MATERIAS	CURSOS/IDIOMA/HORAS					
	1º	2º	3º	4º	5º	6º
CC da Natureza	G 3	G 2	G 3	G 2	G 3	G 2
Ciencias Sociais	G 2	G 2	G 2	G 2	G 2	G 3
Lingua Castelá	C 4	C 4	C 4	C 4	C 4	C 3
Matemáticas	C 5	C 5	C 4	C 4	C 4	C 5
Lingua Galega	G 4	G 4	G 4	G 4	G 4	G 3
Inglés	C 2	C 2	C 3	C 3	C 3	C 3
Educación Física	C 2	C 2	C 2	C 2	C 2	C 2
Relixión	G 1	G 2	G 1	G 1	G 1	G 1

Proxecto competencial	G 1	----	G 1	----	G 1	----
Valores S. e cívicos	----	G 2	----	G 1	----	G 1
Ed. Plástica e Visual	G 1	G 2	G 1	G 2	G 1	G 2
Ed. Musical	----		----		----	
Música e danza	G 1	----	G 1	----	G 1	----
Invest. e trat. da info	----	----	----	G 1	----	----
Prom. Hábitos saud.	----	----	----	----	----	G 1
GALEGO / CASTELÁN	12/13	12/13	12/13	13/13	12/13	12/13

5.2.3. EDUCACIÓN SECUNDARIA

Na ESO impártense en galego: Ciencias da Natureza, Xeografía e Historia e Bioloxía e Xeoloxía.

En castelán: Matemáticas, Física e Química, Tecnoloxía.

O **Decreto 79/2010, de 20 de maio para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia** establece, tamén nesta etapa, que o resto das materias se impartirán en galego ou castelán, segundo acordo do centro, mantendo sempre unha porcentaxe equilibrada de horas entre as dúas linguas.

Deste xeito, a lingua en que se imparten as materias está relacionada no cadro seguinte:

MATERIAS	CURSOS/IDIOMA/HORAS			
	1º	2º	3º	4º
Bioloxía e Xeoloxía	G 3	----	G 2	G 3
Xeo e Historia	G 3	G 3	G 3	G 3
Lingua Castelá	C 3	C 3	C 3	C 3
Matemáticas	C 4	C 5	C 4	C 4
Xadrez	----	G 1	----	----
Física e Química	----	C 3	C 2	C 3
Lingua Galega	G 4	G 3	G 3	G 3
Inglés	C 3	C 3	C 3	C 3
Educación Física	G 3	G 2	G 2	G 2
Relixión	G 1	G 1	G 1	G 1
Proxecto competencial	G 1	----	G 1	----
Valores Éticos	----	G 1	----	G 1

Ed. Plástica, Visual	C 2	----	C 2	C 3
Ob. Plástica	----	C 1	----	----
Ed. Musical	----	G 2	G 2	G 3
Cultura Clásica	----	----	G 3	----
Francés	C 2	G 2	C 3	C 3
Tecno e dixitalización	C 3	----	----	----
Tecnoloxía	----	C 3	----	C 3
Ed. Dixital	----	----	C 3	----
Ed. Valores Cívicos	----	----	G 1	----
Cult. Científica	----	----	----	G 3
Economía	----	----	----	G 3
Latín	----	----	----	C 3
TIC	----	----	----	C 3
Ciencias aplicadas	----	----	----	C 3
Iniciación á actividade	----	----	----	G 3
GALEGO / CASTELÁN	14/17	14/17	17/14	24/31
			14/17	
			14/17	

Así mesmo o Ámbito Sociolingüístico de 3º ESO ao estar integrado polas materias: Lingua Galega, Lingua Castelá e Xeografía e Historia, impartirase tanto en galego coma en castelán na proporción correspondente derivada do artigo 7 do citado decreto.

Sen prexuízo de todo o exposto anteriormente, o profesorado que, segundo a normativa vixente, imparte en castelán as materias do ámbito científico-matemático, colaborarán neste proxecto preparando actividades de ampliación que faciliten o coñecemento da linguaxe matemática e do vocabulario científico-técnico. Estas actividades terán como obxectivo acadar en cada etapa educativa a competencia lingüística en galego referente a este ámbito, que lle permita ao alumnado do centro ter un dominio pleno da nosa lingua.

5.3. AVALIACIÓN INICIAL DO CPI ATIOS

Algúns aspectos importantes no desenvolvemento da competencia lingüística son:

5.3.1. Integración do currículo

En canto ao grao de integración do currículo no noso centro, existen diferenzas claras entre a educación primaria e a secundaria obrigatoria. Por un lado, en Educación Primaria, as materias de Coñecemento do Medio, Matemáticas e Plástica son tratadas de maneira integrada sistematicamente, e estas á súa vez son traballadas de maneira coordinada coas dúas linguas oficiais e a lingua estranxeira. O propio carácter global e integrador das diferentes áreas nesta etapa son o principal motivo da integración. Aquelas áreas a cargo do mestre-titor son coordinadas a nivel de ciclo, e as áreas a cargo dun mestre-especialista coordínanse á súa vez co mestre-titor. En definitiva trátase de garantir continuidade en cada un dos ciclos tendo en conta o carácter global e integrador desta etapa.

Pola súa parte, en Educación Secundaria Obrigatoria, a situación é diferente: se ben algunhas materias toman en consideración os contidos doutras materias de forma non sistemática, a integración do currículo é algo minoritario. A limitación de espazos e a compartimentalización das materias e dos horarios dos alumnos e profesores non axudan neste sentido. Nembargantes, hai vontade de tomar medidas concretas tendentes á coordinación das cinco linguas do currículo (galego, castelán, inglés, francés e latín). A modo de exemplo, podemos citar os seguintes aspectos que serán desenvolvidos nas medidas de actuación: unificación de terminoloxía lingüística, coordinación na distribución de contidos que se repiten nas programacións, glosario cuatrilingüe, etc.

5.3.2. Metodoloxía

En Educación Primaria, o proceso de ensinanza aprendizaxe baséase fundamentalmente no traballo diario de aula con actividades variadas, a nivel individual, por parellas, en pequeno grupo ou de grupo clase. Organízanse, así mesmo, para as diferentes áreas outras actividades máis complexas dentro dunha materia escolar cun produto material como resultado. A realización destes proxectos implica traballo activo e dinámico de investigación, implicación das diferentes áreas, coidado na presentación dos mesmos e responsabilidade á hora de respectar unhas normas e datas de entrega. A riqueza deste tipo de actividades é valorada positivamente atendendo, en todo caso, á diversidade do alumnado, tanto na práctica docente como na selección de contidos.

En Educación Secundaria Obrigatoria, o ensino baséase xeralmente en leccións e actividades de aula, aínda que nalgúns materias exista un enfoque

baseado nas tarefas.

Nesta etapa educativa aléternase o traballo en pequeno e mediano grupo co traballo individual, variando a frecuencia de cada unha das modalidades dependendo da materia tratada. Así mesmo, fanse saídas fóra do centro que poden ter diferente duración: desde varias horas ata unha semana (viaxe á neve, a Francia, etc.).

5.3.3. TIC

En primeiro lugar hai que subliñar que no centro desenvólvese o Proxecto EDIXGAL, o que supón que as aulas de 5º e 6º de EP e toda a ESO estean dotadas con pizarra dixital e ordenadores portátiles para o alumnado.

Na etapa de Educación Infantil, as aulas están dotadas de ordenador e canón mentres que na Educación Primaria hai ordenadores e canóns en todas as aulas, sendo o seu uso é cada vez máis progresivo.

Destacamos tamén a posta en marcha da aula de informática de Educación Infantil aproveitando vellos equipos informáticos.

No 3º Ciclo de Educación Primaria as aulas son Abalar.

5.3.4. Participación das familias e institucións do contorno

Na Educación Primaria e Infantil, as familias participan nas actividades do centro sempre que se lles solicite, mentres que na ESO, en xeral, a participación das familias nos labores educativos do Centro, é algo menor .

Así, sempre coa axuda da Coordinadora, mantemos e consolidamos a colaboración con:

- Diferentes Concellerías (Educación, Cultura) do Concello de Ferrol, así coma a CENLF, para darlle continuidade aos ciclos de Cinema *En galego de película*, ás programacións de Teatro dos Centros escolares, ao Certame de Poesía e Imaxe, *Teatro con G*, *A Mocidade coa Lingua*, etc.

- Colaboración puntual con outros Concellos da comarca.
- A MESA pola Normalización Lingüística.
- Outros organismos: Deputación Provincial, Dirección Xeral de Xuventude, etc.

- A AELG, a AS-PG, a Axencia Literaria Galega, etc.
- Particularmente o noso centro colabora coa asociación ALCER-Ferrol para traballar na concienciación de toda a Comunidade Educativa sobre o tema tan

importante das doazóns de órganos. O noso alumnado realiza unha serie de actividades encamiñadas a acadar este obxectivo, actividades que se levan a cabo tendo como instrumento a lingua galega.

5.3.5. Seccións bilingües

Estan coordinadas pola mestra de primaria Cristina Soto Fernández

Nos cursos de 1º e 2º de Educación Primaria estamos a impartir a Educación Plástica en Inglés.

Na etapa da ESO impartimos en Inglés as Matemáticas de 3º ESO. Os obxectivos lingüísticos perseguidos polas das Seccións Bilingües poderían resumirse en:

- Comunicarse, oralmente e na escrita, con mensaxes simples en Inglés.
- Aplicar sinxelas regras lingüísticas na comunicación na lingua foránea.
- Usar linguaxe específica da área co fin de aumentar o vocabulario en Inglés.
- Comunicarse cun nivel de competencia progresivo na lingua estranxeira.

Todos estes obxectivos desenvolveranse na clase a través das distintas actividades específicas da área de Plástica e tamén do uso das TIC's. Dado que no Primeiro Ciclo de Educación Primaria está en funcionamento a Aula Virtual, aproveitamos a plataforma para incluír actividades da área en Inglés, que os alumnos poden facer dende a súa casa. Estas actividades permiten escoitar o idioma co acento orixinal o que favorece a produción e comprensión de mensaxes curtas e específicas.

En colaboración co departamento de Inglés e coa Biblioteca traballamos compartindo material lingüístico, o que nos permite ter acceso a unha maior cantidade de material en distintos formatos.

Por outra banda, tamén é importante destacar que dende o punto de vista lingüístico nas Seccións Bilingües, ten un papel importante a presenza dunha Auxiliar de Conversa. En primeiro lugar, dálles aos alumnos a oportunidade de coñecer, de primeira man, aspectos culturais propios da cultura e tradición anglosaxona, coas súas diferenzas e similitudes coa nosa cultura, tanto a través da linguaxe oral como da linguaxe plástica. En segundo lugar, outro aspecto que se ve enriquecido pola presenza da auxiliar é a posibilidade de aprender e mellorar a pronuncia do Inglés. Este é un dos aspectos que máis se traballa nas distintas

sesións de Plástica, escoitar e falar co vocabulario específico da área e permite que os alumnos perdan ese medo escénico a falar noutro idioma. Diríxense a ela en Inglés, solicitan axuda para a pronuncia, admiten a corrección sen ningún problema e convértese a clase nunha oportunidade de inmersión lingüística real

5.3.6. Biblioteca

A biblioteca do CPI de Atios pretende ser un recurso dinamizador máis dentro do ámbito escolar e tendendo a que forme parte dela toda a comunidade escolar.

Así pois, encárgase dos aspectos fundamentais dentro do que hoxe consideramos a lectura tradicional pero tamén o que coñecemos como ALFIN (alfabetización informática) e tamén a lectura multimedia. De igual xeito, fomenta a escritura facéndose partícipe das actividades que se realizan no centro.

As actividades que o equipo da biblioteca leva adiante divídense en tres grandes grupos á hora de formar persoas lectoras: “*Fomento da Lectura*”: exposición de novidades, actividades con autores ou ilustradores, fomento da lingua galega e fala do noso entorno, proxección de películas contrastándoas cos textos orixinais se se basean nun libro... O outro gran apartado é a “*Formación de Usuarios*”: a biblioteca está organizada mediante a CDU para que o alumnado poida manexarse en calquera biblioteca pública de forma universal: actividades de busca por temas, por autores, orden alfabética, visita á Biblioteca Pública... e o terceiro apartado é o de “*Información Documental*”: estase en contacto cos distintos Departamentos e Ciclos para realizar actividades de busca de información a través dos libros, ordenadores e material multimedia á hora de realizar proxectos, saídas extra-escolares ou traballos nas diferentes materias.

Outro aspecto a destacar é o “*Fomento das Igualdades*” de forma que o alumnado con menos posibilidades de acceder á información, poida dispoñer do material que necesite: tanto no aspecto social: préstamo de material multimedia, prioridade no uso dos ordenadores cando o necesitan, libros para as familias de alumnado con algunha discapacidade ou trastorno na educación.... e medios para alumnado con algunha NEE (minusvalía visual, discapacidade física ou psíquica...)

O seu obxectivo prioritario é formar persoas lectoras actualizadas nos diferentes recursos e métodos, que saiban discernir e manipular a información e crear alumnado comprometido coa tolerancia e a aceptación das diferencias.

Para máis información remitirse ao Proxecto da Biblioteca, realizado anualmente e ao Plan Lector do centro.

6. OBXECTIVOS E PROPOSTAS DE ACTUACIÓN DO PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO

Unha vez analizada a situación sociolingüística do centro e algúns dos elementos que xogan un papel fundamental para facer un proxecto lingüístico de centro, faremos unha exposición dos obxectivos que nos fixamos neste traballo e as liñas de actuación que poremos en práctica para a súa consecución.

Os obxectivos deste proxecto lingüístico son:

- Mellorar a competencia comunicativa tanto nos aspectos lingüísticos (expresión escrita/oral, comprensión oral/lectora) como nos sociolingüísticos e pragmáticos, facendo que esta mellora chegue ás áreas lingüísticas e ás non lingüísticas.

- Fomentar o equilibrio na competencia lingüística nas dúas linguas oficiais da comunidade, asegurando a normalización do galego e promovendo a competencia nas linguas estranxeiras.

- Crear hábitos lectores e gusto pola lectura.

- Acadar unha maior relación coas familias, coa comunidade e co contorno para mellorar a competencia en comunicación lingüística.

Estes obxectivos concréntanse en cada unha das etapas, nuns obxectivos máis específicos e nunhas propostas de actuación concretas que especificamos a continuación:

6.1. EDUCACIÓN INFANTIL

6.1.1. OBXECTIVOS

1-Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.

2-Achegarse á lectura e escritura como medio de comunicación, información e gozo.

3-Utilizar a lingua oral do modo máis conveniente para unha comunicación positiva cos iguais e coas persoas adultas, segundo as intencións comunicativas.

4-Comprender mensaxes orais diversas, amosando unha actitude de escoita atenta e respectuosa.

5-Amosar interese polos textos escritos presentes na aula e no contorno próximo, iniciándose no seu uso e na comprensión das súas finalidades.

6-Interesarse e participar nas situacións significativas de lectura e escritura que se producen na aula desenvolvidas por persoas lectoras e escritoras competentes.

7-Producir diferentes textos individualmente ou en grupo, con escritura convencional ou non, con propósitos e intencións diferentes: recoller e transmitir información,..

8-Gozar compartindo a escoita e a lectura en voz alta de textos literarios: contos, relatos, lendas, poesías, rimas, adiviñas...

9-Utilizar a biblioteca con respecto e coidado, valorándoa como recurso informativo, de entretemento e gozo.

6.1.2. PROPOSTAS DE ACTUACIÓN

-Adicamos diariamente un tempo aproximado de 50 minutos ao que se coñece como asemblea: Saúdo, data, nomear encardo/a, pasar lista, o tempo, vivencias do día anterior respectando as quendas e presentación das actividades do día.

-Unha sesión á semana subimos á biblioteca do centro.

-Sesión semanal para a Mochila Viaxeira (esta actividade é voluntaria).

-Préstamo de biblioteca de aula, de xoves a luns levan un conto e una ficha de lectura a casa onde escriben o título, autor, personaxes, debuxo... dependendo da idade.

-Traballo da obra dun autor/a, de diferentes xéneros literarios por trimestre.

-Traballo con contos: argumento, vocabulario, cambiar o final, opinión persoal...

-Traballo con adiviñas, poesías, xornais, receitas, cancións...

-Actividades lingüísticas na pizarra dixital interactiva.

6.2. EDUCACIÓN PRIMARIA

6.2.1. OBXECTIVOS

1. Elixir por ciclos situacións comunicativas como inicio da actividade escolar diaria.

2. Usar o Plan Lector como base para desenvolver a competencia comunicativa.

3. Continuar o uso da Biblioteca do colexio

4. Estabelecer uns mínimos lingüísticos para acadar ao final de cada ciclo.

5. Valorar as súas propias creacións orais e escritas.

6. Fomentar a interacción do colexio coa familia e co entorno.

7. Mellorar a atención á diversidade, con respecto á competencia lingüística, tanto do alumnado doutras procedencias como alumnado con discapacidades.

6.2.2. PROPOSTAS DE ACTUACIÓN

1. Situacións comunicativas:(tentarase aproveitar o inicio da actividade diaria mais tamén sempre que a ocasión ou o tema o requira)

- Presentarse, saúdo, pedir hora, pedir indicacións para ir a un lugar...
- Debater ou defender a súa opinión sobre un tema.
- Expresar de xeito oral e escrito vivencias, rutinas diarias...

2. Plan Lector e Biblioteca:

- Biblioteca de Aula: dotación de libros impresos e dixitais.
- Biblioteca de Centro:
 - Preparar o espazo
 - Dotar de libros atractivos e de diferentes temáticas
 - Pór en funcionamento as Mochilas Viaxeiras
- Estipular un tempo de lectura diaria obrigatoria e simultánea en toda a Etapa de Primaria (pode ser un tempo fixo todos os días, á entrada na 1ª sesión ou na sesión despois do recreo; ou en sesións correlativas, luns na 1ª sesión, martes na 2ª...)

3. Mínimos Lingüísticos por curso:

- 1º e 2º curso:
 - Respectar quendas de palabra
 - Comprender o contido de textos variados adaptados a súa idade
 - Recoñecer o vocabulario básico
 - Producir frases
- 3º e 4º curso:
 - Respectar quendas de palabra e de opinión e valorar as intervencións dos demais.
 - Comprender o contido de textos variados adaptados a súa idade
 - Recoñecer e empregar axeitadamente o vocabulario básico
 - Producir textos orais e escritos con coherencia.
 - Iniciar o emprego do dicionario
 - Acadar unha caligrafía lexible
- 5º e 6º curso:

- Comprender o sentido global de textos orais i escritos: idea principal e secundarias.

- Aplicar regras ortográficas básicas de acentuación e puntuación en textos escritos.

- Aprender a resumir

- Interpretar un texto e dar unha opinión crítica.

- Recoñecer as categorías gramaticais básicas

6.3. EDUCACIÓN SECUNDARIA

6.3.1. OBXECTIVOS E PROPOSTAS DE ACTUACIÓN

1. Mellorar a competencia comunicativa tanto nos aspectos lingüísticos (expresión escrita/oral, comprensión oral/lectora) como nos sociolingüísticos e pragmáticos, facendo que esta mellora chegue ás áreas lingüísticas e ás non lingüísticas.

Para lograr esta mellora na competencia comunicativa prestaremos atención aos seguintes aspectos:

1.1. Mellorar a coordinación entre as áreas lingüísticas e non lingüísticas para que:

- As materias lingüísticas coñezan as necesidades que están tendo nun momento dado noutras áreas non lingüísticas no que respecta a temas lingüísticos (Por exemplo: definir, describir, argumentar, xustificar, elaborar hipótese,...)

- Unificar criterios de corrección dos textos escritos producidos polo alumnado.

Propostas de actuación

- Fixar unha reunión inicial antes do comezo das clases entre os departamentos lingüísticos e non lingüísticos para detectar as tipoloxías textuais (descrición, exposición, argumentación, etc.), e funcións lingüísticas (definir, xustificar, elaborar hipóteses, etc.) que van necesitar nos diferentes momentos de cada curso. Isto vai permitir que a temporalización do currículo das áreas lingüísticas se coordine co das áreas non lingüísticas. Así mesmo, nesta reunión estableceranse uns criterios comúns para a valoración dos textos escritos producidos polo alumnado e o seu valor porcentual dentro da calificación. Os acordos aos que se chegue nesta reunión, quedarán reflectidos nas programacións anuais. Unha das medidas que trataremos de implementar é a creación do caderno ou ficha de escritura correcta. Neste caderno de escritura correcta de carácter

interdisciplinar, os alumnos e alumnas realizarán unha ficha de cada palabra mal escrita (que incluírá aspectos como: palabra, referencia á regra ortográfica, significados, familia léxica, conxugación verbal, exemplos de oracións utilizando diferentes significados da palabra, etc.) e a través desta ficha e a presentación ao profesor ou profesora o alumnado poderá recuperar a nota que lle correspondería se non tivese erros.

Segundo as necesidades detectadas, convocaranse outras reunións posteriores.

1.2. Coordinación entre os departamentos de linguas para:

- Unificar a terminoloxía empregada en morfoloxía e sintaxe.
- Identificar os contidos comúns para establecer a súa óptima secuenciación.

Proposta de actuación

• Fixar unha reunión inicial antes do comezo das clases entre os departamentos lingüísticos para lograr este fin. Segundo as necesidades detectadas, convocaranse outras reunións posteriores.

1.3. Fomentar que o alumnado manexe un vocabulario suficiente e axeitado á súa idade e contorno

Propostas de actuación

- Creación de glosarios por áreas.
- Determinar un vocabulario básico para todas as áreas e etapas.

1.4. Traballo consciente de destrezas lingüísticas nas áreas non lingüísticas.

• As propostas de actuación dos apartados anteriores van encamiñadas á consecución deste obxectivo.

1.5. Empregar as TIC na mellora da competencia lingüística.

Propostas de actuación

• Revisar o perfil persoal de cada un dos alumnos na Aula Virtual.

• Realizar concursos empregando as novas tecnoloxías (de SMS, email...) nos que o alumnado poida poñer en práctica dunha maneira lúdica as súas destrezas lingüísticas.

- Subir á páxina web do centro as actividades que se están a realizar.

1.6. Mellorar a atención á diversidade, con respecto á competencia lingüística, tanto do alumnado doutras procedencias como alumnado con discapacidades. Establecer un protocolo de actuación neses casos.

Proposta de actuación

- Este punto desenvólvese no apartado de atención á diversidade deste documento e no Plan Xeral de Atención á Diversidade do Centro.

2. Fomentar o hábito lector e o gusto pola lectura.

2.1. Coñecer a biblioteca.

Proposta de actuación

- Facer unha xornada de presentación da biblioteca a principio de curso co alumnado de 1º ESO, como xa se facía nas etapas de infantil e primaria, coordinada polo profesorado de cada grupo e a persoa responsable da biblioteca.

2.2. Lograr a cooperación e a coordinación das actuacións do Equipo de Dinamización da Biblioteca, Plan Lector, Equipo de Dinamización da Lingua Galega e Proxecto Lingüístico de Centro.

Proposta de actuación

- Promover as reunións necesarias.

3. Acadar unha maior relación coas familias, coa comunidade e co contorno para mellorar a competencia en comunicación lingüística

3.1. Lograr unha crecente implicación das familias no desenvolvemento lecto-escritor dos seus fillos e fillas.

Propostas de actuación

- Invitar as nais e pais a visitar a biblioteca, así como a participar nalgunhas actividades desta.

- Dar a coñecer aos pais e ás os libros que se propoñen desde as distintas materias, lingüísticas e non lingüísticas.

7. OBXECTIVOS E METODOLOXIA PARA O FOMENTO DAS LINGUA ESTRANXEIRAS

7.1. LINGUA FRANCESA

7.1.1. OBXECTIVOS

1.-Comprender a información global e específica de mensaxes orais e escritas na lingua extranxeira relativas ás diversas relacións habituais de comunicación emitidas directamente por falantes ou por medios de comunicación.

2.-Producir mensaxes orais e escritas na lingua extranxeira utilizando recursos lingüísticos e non lingüísticos en diversas relacións habituais de comunicación

para conseguir que esta sexa fluída e satisfactoria amosando 24el actitude de respecto e interese por comprender e facerse comprender.

3.-Ler de xeito comprensivo e autónomo, obtendo 24elación24n24 globais e específicas, textos escritos dun nivel adecuado ás capacidades e intereses dos alumnos, relacionados con 24elación24 de comunicación escolares e extraescolares

4.-Utilizar a lectura de textos con fins diversos, valorando a súa importancia como fonte de información, disfrute e lecer e como medio de acceso á cultura e xeitos de vida distintos dos propios.

5.-Reflexionar sobre o funcionamento do sistema lingüístico na comunicación como elemento facilitador da aprendizaxe da lingua extranxeira e como instrumento para mellorar as 24elación24n propias.

6.-Valorar a axuda que supón o coñecemento das linguas extranxeiras para comunicarse con persoas que pertencen a culturas distintas da nosa e para participar nas 24elación internacionais e noutros ámbitos da actividade humana.

7.-Apreciar a riqueza que 24elació as diversas linguas e culturas como formas distintas de codificar a experiencia e de organizar as 24elación persoais.

8.-Manter unha actitude receptiva e crítica hacia a información procedente da cultura que as linguas extranxeiras transmiten para reflexionar sobre a propia realidade e transformala.

9.-Utilizar estratexias de aprendizaxe autónoma da lingua extranxeira elaboradas a partir das experiencias con outras linguas e da reflexión sobre os propios procesos de aprendizaxe desenvolvendo as estratexias propias da aprendizaxe autónoma.

7.1.2. METODOLOXÍA

Para conseguir tódolos obxectivos mínimos previstos, non podemos falar dun enfoque metodolóxico en concreto, pero se o que queremos acadar é a obtención dunha competencia comunicativa, debemos seguir un método comunicativo por medio de tarefas, proxectos etc.

Os libros de texto axudan a garantir o equilibrio na ensinanza das catro destrezas básicas: a comprensión oral, a comprensión escrita, a expresión oral e a expresión escrita e por iso utilizaremos unha metodoloxía interactiva, directa (dentro da medida do posible), comunicativa (que plantexa situacións da vida cotiá e nas que o alumnado ha de interaccionar).

As actividades programadas deben promover no alumnado a súa autonomía de aprendizaxe nun contexto significativo do que se ha de sentir parte importante e no que terá que asumir certa responsabilidade.

Deberase ter en conta os diferentes niveis, as diversas capacidades e os diferentes estilos de aprendizaxe do alumnado á hora de programar as tarefas, que polo tanto deberán amosar distintos niveis de coñecemento e han de ser variadas para que o alumnado amose as súas capacidades e poida desenvolver a súa autonomía.

Como o plan debe ser coordinado as liñas de actuación irán en consonancia coas xa definidas con anterioridade para etapa educativa da ESO.

Destacamos o programa de intercambios posto en marcha no curso 2010-11 con colexios franceses que consideramos que poden extenderse no tempo, como complemento á aprendizaxe da lingua francesa e a posta na práctica da competencias adquiridas nesta lingua.

7.2. LINGUA INGLESA

7.2.1. EDUCACIÓN PRIMARIA

7.2.1.1. OBXECTIVOS

1.-Escoitar e comprender mensaxes en interaccións verbales variadas, utilizando as informacións transmitidas para a realización de tarefas concretas diversas relacionadas coa súa experiencia.

2.- Expresarse e interactuar oralmente en situacións sinxelas e habituais que teñan un contido e desenvolvemento coñecidos, utilizando procedementos verbales e non verbales, atendendo ás normas básicas da comunicación interpersonal e adoptando unha actitude respetuosa e de cooperación.

3.-Escribir textos diversos con finalidades variadas sobre temas previamente tratados no aula, coa axuda de modelos e respectando as regras e normas básicas do código escrito.

4.-Ler de forma comprensiva textos diversos, relacionados co seu coñecemento do mundo, as súas experiencias e intereses, extraendo información xeral e específica de acordo cunha finalidade previa

5.- Aprender a utilizar con progresiva autonomía todos os medios ao seu alcance, incluídas as novas tecnoloxías, para obter información e para comunicarse na lingua estranxeira.

6.-Valorar a lingua estranxeira, e as linguas en xeral como medio de comunicación e

entendemento entre persoas de procedencias e culturas diversas e como ferramenta de aprendizaxe de distintos contidos.

7.- Manifestar unha actitude receptiva e de confianza na propia capacidade de aprendizaxe e de uso da lingua estranxeira. Recoñecer o valor comunicativo das linguas estranxeiras e a propia capacidade para aprender a usalas

8.-Utilizar os coñecementos e as experiencias previas con outras linguas para unha adquisición máis rápida, eficaz e autónoma da lingua estranxeira ao desenvolver estratexias de aprendizaxe autónoma.

9.-Identificar aspectos fonéticos, de ritmo, acentuación e entonación, así como estruturas lingüísticas e aspectos léxicos da lingua estranxeira e usalos como elementos básicos da comunicación.

7.2.1.2. METODOLOXÍA

Metodoloxía integradora, lúdica, participativa e estimulante.

- Parte dos coñecemento próximos á propia experiencia do alumnado contactando con outras áreas do currículo e fomentando progresivamente o coñecemento dunha realidade multicultural.

- Adaptada ao Marco Común Europeode Referencia para as linguas (documento elaborado polo Consello de Europa), polo tanto será globalista e socialmente ecolóxica

- Considerarase aos alumnos como actores sociais que interactúan mediante realizacións, que non son únicamente de linguaxe, nunhas circunstancias e nun contexto dado, e asumindo que a comprensión do outro é a base da comunicación.

-O papel do profesor será un papel de supervisor e facilitador tendo en conta os comentarios e esforzos do alumnado e coordinando o traballo que se está a realizar.

- A transversalidade será unha constante da metodoloxía.

- A diversidade estará presente dentro do traballo diario ao realizarse tarefas con distinto grao de dificultade ao mesmo tempo sempre que sexa necesario e cando elaborem os traballos en grupo.

- Os erros serán corrixidos cando interfiran na comunicación e o vocabulario e estruturas serán traballados a través de distintos métodos de adquisición (repeticións, uso de grabacións reais, respostas e preguntas concretas, exercicios de completar ocos, representacións teatrais, e programas interactivos co uso das TIC...)

- O obxectivo prioritario neste ciclo será a comunicación oral.

- O libro de texto será un recurso máis a empregar, subordinándose sempre o seu uso á metodoloxía anteriormente exposta.

Como o plan debe ser coordinado, as liñas de actuación irán en consonancia coas xa definidas con anterioridade para etapa educativa de educación primaria.

7.2.2. EDUCACIÓN SECUNDARIA

7.2.2.1. OBXECTIVOS

O ensino da lingua estranxeira nesta etapa terá como obxectivo o desenvolvemento das seguintes capacidades:

1. escoitar e comprender información xeral e específica oral en distintas situacións comunicativas, adoptando unha actitude respectuosa e de cooperación co falante.

2. Comunicarse oralmente en situacións habituais de forma comprensible, axeitada e con certo nivel de autonomía.

3. Ler e comprender textos diversos dun nivel axeitado ás capacidades e intereses do alumnado co fin de extraer información xeral e específica, e utilizar a lectura como fonte de pracer e de enriquecemento persoal.

4. Escribir textos sinxelos con fins diversos sobre distintos temas utilizando recursos axeitados de cohesión e coherencia.

5. Utilizar eficazmente os compoñentes fonéticos, léxicos, estruturais e funcionais básicos da lingua estranxeira en contextos reais de comunicación.

6. Desenvolver a autonomía na aprendizaxe, reflexionando sobre o propio proceso de adquisición da lingua e transferindo á lingua estranxeira coñecementos e estratexias de comunicación adquiridas noutras linguas.

7. Buscar, seleccionar e presentar información oralmente e por escrito na lingua estranxeira utilizando todos os medios ao seu alcance, (bibliotecas, tecnoloxías da información e a comunicación e as estratexias de aprendizaxe).

8. Valorar a lingua estranxeira e as linguas en xeral, como instrumento de acceso á información e como ferramenta de aprendizaxe de contidos diversos, como medio de comunicación e entendemento entre persoas de procedencias, linguas e culturas distintas evitando calquera tipo de discriminación e de estereotipos lingüísticos e culturais.

9. Manifestar unha actitude receptiva e de autoconfianza na propia capacidade de aprender e usar a lingua estranxeira.

10. Coñecer os elementos culturais máis relevantes dos países onde se fala a lingua estranxeira, establecer relación entre aspectos culturais deses países e os propios rexeitando estereotipos negativos.

7.2.2.2. METODOLOXÍA

Utilizaremos unha metodoloxía didáctica activa, con predominio do enfoque comunicativo pero sen esquecer o método estrutural.

O alumnado traballará individualmente, por parellas e en grupo. Procurarase que cada lección teña variedade no tipo de exercicios e na forma de traballo.

Pódese considerar como principio xeral que o estudo non é só unha actividade individual, senón que o traballo con outros, de forma cooperativa, axuda a rendibilizar os esforzos, educa nas ideas da solidariedade e a colaboración, e mellora as condicións da comunicación: en consecuencia se fomentarán no alumnado todo tipo de experiencias de comunicación que lles permitan aplicar aquilo que van aprendendo, xa sexa no desenvolvemento das propias tarefas da clase ou en situacións de comunicación real (correspondencia, viaxes, novas tecnoloxías...).

Avógase, en fin, por unha metodoloxía centrada no alumnado, activa, participativa, que desenvolva a autoaprendizaxe, que posibilite a realización de tarefas e toma de decisións en grupo, e que proporcione oportunidades de comprobar que a aprendizaxe na aula ten unha aplicación práctica fóra da contorna escolar.

A clase de inglés será en inglés sempre que o alumnado o entenda; se a comunicación resultase imposible, recurrirase ao castelán ou galego pero procurando volver canto antes ao uso do inglés.

Terase en conta que o alumno desexe ou tente comunicarse en inglés, por iso debe de facilitárselle o tipo de exercicio que lle permita a comunicación oral ou escrita cos seus compañeiros.

O papel do profesor sempre será propoñer actividades, variar as actividades, procurar que a aprendizaxe sexa unha actividade divertida, asesorar, ser fonte de información e facilitar que o alumno adquira maior autonomía e responsabilidade na aprendizaxe

Como o plan debe ser coordinado, as liñas de actuación irán en consonancia coas xa definidas con anterioridade para etapa educativa da ESO.

8. OBXECTIVOS E LIÑAS DE ACTUACIÓN PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA

8.1. OBXECTIVOS

8.1.1. OBXECTIVOS XERAIS

- Aplicar á situación do centro os principios xerais que se recollen no Plan xeral de normalización da lingua galega (PXNLG).
- Contribuír á eliminación de prexuízos ou trabas lingüísticas, en calquera situación.
- Prestixiar o galego como lingua vehicular, instrumento indispensable da nosa cultura.
- Fomentar a consideración da diversidade lingüística como un dereito e unha bagaxe cultural imprescindible para o desenvolvemento persoal dos cidadáns.
- Potenciar o uso do galego no contorno educativo, especialmente nas TIC's.
- Investigar e promover novas alternativas á formación tradicional.
- Deseñar, planificar e implantar actividades, utilizando as novas tecnoloxías, creando un clima positivo de participación do alumnado, do profesorado, das familias e de posibles entidades colaboradoras, transmitindo unha imaxe innovadora e moderna do Centro.

8.1.2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

a) Obxectivos a curto prazo

- Compromiso do profesorado e demais membros da Comunidade Educativa na tarefa.
- Concienciar cara a unha actitude positiva respecto do uso do Galego.
- Animar ao profesorado e procurar a adquisición de instrumentos de uso didáctico co Galego como lingua vehicular.
- Promover campañas de sensibilización dirixidas a todos os membros da Comunidade Educativa.
- Utilizar as TIC's necesarias para promover iniciativas innovadoras no centro como ferramentas de:
 - ✚ Comunicación, opinión, creación e aprendizaxe.
 - ✚ Elaboración de recursos didácticos: apuntamentos, carteis...

✚ Atraer a mocidade, utilizando eficaz e produtivamente a cultura dixital, que o alumnado manexa con naturalidade desde a infancia, e superar certos prexuízos lingüísticos e culturais.

✚ Favorecer espazos de participación de todos os colectivos da Comunidade Educativa defendendo a educación en valores democráticos, a cultura pola paz, a interculturalidade e a solidariedade.

✚ Traballar por unha mediateca que integre todos os medios dispoñibles na rede e no centro e poñelos á disposición da Comunidade Educativa.

✚ Dotar aos Departamentos dun espazo permanente de investigación e colaboración para a realización de boas prácticas educativas.

✚ Potenciar a formación de usuarios de novos medios da información e da comunicación.

b) Obxectivos a medio prazo

➤ Proxectar e desenvolver actuacións que posibiliten unha actitude positiva cara ao uso do galego en diferentes situacións.

➤ Evitar calquera tipo de enfrontamento lingüístico.

➤ Dispoñer de materiais para todas aquelas áreas que amosen disposición de impartir clases en Galego.

➤ Fomentar a participación do profesorado en cursos de formación axeitados ás súas necesidades.

➤ Incluír contidos da realidade cultural galega nas programacións didácticas.

➤ Prestar especial atención á situación nos centros adscritos.

c) Obxectivos a longo prazo

➤ Lograr que o uso do galego na vida diaria do centro ocupe unha posición idéntica á do castelán.

➤ Acadar para o galego a categoría de lingua de relación prestixiada.

➤ Introducir a problemática sociolingüística como tema de reflexión.

➤ Vincular as nosas actuacións á obtención dunha competencia axeitada do galego no ensino obrigatorio.

➤ Realizar unha análise seria e unha reflexión profunda da situación do galego, coa finalidade de modificar actitudes pola vía da sensibilización e creación de ambientes aptos para a súa utilización.

➤ Fomentar actividades conxuntas que impliquen a participación activa do alumnado con xente doutros centros da bisbarra (organizados pola Coordinadora de EDLG de Ferrolterra -CENLF-) e doutras partes de Galicia.

➤ Fomentar actividades conxuntas con entidades alleas ó noso contorno escolar, como o Concello ou Asociacións Veciñais das distintas Parroquias.

➤ Posibilitar a aprendizaxe das linguas extranxeiras (inglés e francés) para favorecer a capacitación e comunicación a través delas.

➤ Consolidar o equipo de traballo e implicar a outros sectores da Comunidade Educativa para estender e completar o proxecto inicial:

✚ A rede como mediateca universal e centro de recursos multimedia: imaxes, vídeos, audios, presentacións, boletíns, revistas...

✚ A rede como lugar de encontro: páxina web do Centro, aula virtual, TV escolar, etc.

✚ O colexio como vertebrador da comunidade dixital do alumnado e do profesorado.

8.2. PROPOSTAS DE ACTUACIÓN PARA A DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

Extractamos as actividades que pensamos desenvolver durante o presente curso, algunhas das cales son continuidade da Programación de anos anteriores. A maioría das actividades teñen **CARÁCTER PLURIANUAL** e desenvólvense en varias fases ao longo dos cursos.

A. CONFERENCIAS E “LECCIÓNS MAXISTRAIS DE EXPERTOS”.

Obxectivos:

• Ofertarlle ao alumnado dos diferentes niveis unha imaxe novidosa e moi actualizada da situación da lingua. Este obxectivo conseguíremolo traendo ao Centro escritores contemporáneos que nos achegarán ás novidades literarias do momento.

• Aprender e achegar contidos necesarios e interesantes cara a desnrolar os proxectos que estamos a realizar co alumnado de E.I. e E.P. Invitaremos a arqueólogos, biólogos, críticos de cine, etc. que nos adentrarán nos temas a traballar, sempre a través da lingua galega.

Destinatarios: Todo o alumnado do Centro.

Temporalización: 1º, 2º, 3º trimestre.

Orzamento: Sen custo.

Responsables: María Luisa Pita Rubido(Dpto. L.G.)

Eva M^a Couce Coba (Dpto. L.C.)

María Sonia Corral Almeida (Biblioteca)

Vanessa Pita Santalla (E.D.L.G.)

B. NARRACIONES, CONCURSOS, EXPOSICIONES E PROGRAMAS DE COLABORACIÓN

B.1 “Recreos terroríficos”: Narracións de contos e historias de medo.

Obxectivos:

- Coñecer as lendas e contos tradicionais de medo do noso pobo.
- Contar e ambientar unha historia ou conto de medo ó alumnado utilizando a Biblioteca.

- Reflexionar sobre o que nos da medo e escribilo nunha cartolina. Posteriormente se queimarán todas as aportacións no acto colectivo do día do Agosto.

- Valorar o esforzo dun traballo ben feito.

Destinatarios: Alumnado de E.I. e tódolos ciclos de Primaria.

Temporalización: 1º Trimestre: Semana do Samaín e Agosto.

Orzamento: Sen custo.

Responsable: María Sonia Corral Almeida (Biblioteca)

Luisa Pita Rubido (Dpto. de A.C.E.).

Vanessa Pita Santalla (EDLG).

B.2 Concurso e degustación de “Recetas do día despois”

Obxectivos:

- Difundir receitas “sostibles”, realizadas co sobranche da comida do día anterior
- Degustar pratos que favorezan o coidado do noso corpo e coiden da nosa economía persoal e do Centro (Comedor Escolar).

- Disfrutar da realización dun traballo en colaboración coas familias, co@s compañeir@s e co persoal do Comedor Escolar.

- Deseñar en equipo o tríptico coas receitas gañadoras (alumnado de 4º de ESO e Dto. de Tecnoloxía).

- Utilizar o galego como lingua vehicular dunha publicación destinada a toda a Comunidade Educativa.

Destinatarios: Toda a Comunidade Educativa.

Temporalización: Todo o curso.

Orzamento: 500 €.

Responsables: Juan R. Alonso García (Responsable do Comedor Escolar).

Reyes Montero Vale (Dpto. de Tecnoloxía).

Vanessa Pita Santalla (E.D.L.G.).

B.3 Concurso de tarxetas de Nadal

Obxectivos:

- Pór en contacto ao alumnado coas tradicións do Nadal e saber valoralo.
- Elaborar tarxetas de felicitación a lingua utilizada nos deseños para felicitar as festas será a nosa lingua galega.

- Valorar o esforzo dun traballo ben feito.

Destinatarios: Todo o alumnado do Centro.

Temporalización: 1º trimestre.

Orzamento: Sen custo.

Responsables: Titorías de E.I e E.P.

Alicia González Alonso (Dpto. Plástica e Visual).

Luisa Pita Rubido (Dpto. de A.C.E.).

Vanessa Pita Santalla (E.D.L.G.).

B.4 Segundo concurso de caligrafía CPI Atios

Obxectivos:

• Realizar un traballo de caligrafía sobre as panxoliñas de Nadal de maneira coidada e cun toque artístico na súa presentación.

- Por en contacto ao alumnado coas tradicións do Nadal e saber valoralo.
- Dar a coñecer as panxoliñas tradicionais para tentar coñecelas e recuperalas.
- Disfrutar da realización dun traballo realizado en colaboración coas familias.

Destinatarios: Toda a Comunidade Educativa.

Temporalización: 1º trimestre.

Orzamento: Sen custo.

Responsables: Luisa Pita Rubido (Dpto. de A.C.E.).

Vanessa Pita Santalla (E.D.L.G.).

B.5 Programa AXUDA

• Colaborar co Concello de Valdoviño na posta en marcha do programa “AXUDA”, como marco de accións orientadas á xestión de axudas sociais para as familias do concello con dificultades económicas.

• Realizar unha campaña de sensibilización en todas as titorías que contribúa a construír un alumnado máis solidario e realista.

• Diseñar os cartaces para a difusión da campaña .

Destinatarios: Todo o alumnado do Centro.

Temporalización: 1º trimestre.

Orzamento: Sen custo.

Responsables: Servicios Sociais do Concello de Valdoviño.

Mª José Ruán Serantes (Xefatura de Estudos de E.I. e E.P.)

Vanessa Pita Santalla (E.D.L.G.).

B.6 Concurso e exposición de “Poesía e Imaxe”

Obxectivos:

• Pór en contacto ao alumnado co mundo da poesía e aprenderlle a ler e valorar a sensibilidade a través da lingua escrita.

• Valorar a lingua galega como medio de expresión artística, ao mesmo nivel poético que calquera outra lingua do mundo.

• Ser quen de plasmar o contido dun poema a través de calquera medio plástico ou utilizando as TIC´s.

• Aproximar ao alumnado ás producións gañadoras do certame que foron realizadas pol@s nen@s e a rapazada dos CEIP, CPI e IES da comarca de Ferrolterra.

• Sensibilizar ó alumnado ante a visión dunha produción artística.

Destinatarios: Todo o alumnado do Centro.

Temporalización: 2º Trimestre.

Orzamento: Sen custo.

Responsables: Titorías de E.I e E.P.

Alicia González Alonso (Dpto. Plástica e Visual).

Reyes Montero Vale (Dpto. de Tecnoloxía).

Vanessa Pita Santalla (EDLG).

B.7 Coplas de Entroido

Obxectivos:

- Recuperar a realización das coplas do Entroido como reflexo do contorno e a realidade do alumnado e da sociedade desde un punto de vista divertido e crítico.
- Disfrutar da realización dun traballo feito en equipo (profesorado e alumnado).

Destinatarios: Toda a Comunidade Educativa.

Temporalización: 2º Trimestre.

Orzamento: Sen custo.

Responsables: Titorías dos diferentes cursos.

Luisa Pita Rubido (Dpto. de A.C.E.).

Vanessa Pita Santalla (E.D.L.G.).

B.8 Exposición sobre a vida e obra do autor homenaxeado no Día das Letras Galegas

Obxectivo:

- Dar a coñecer a personalidade e a produción do autor a quen se adica o Día das Letras Galegas.
- Valorar a lingua galega como medio de expresión artística, ao mesmo nivel de calquera outra lingua do mundo.

Destinatarios: Todo o alumnado do Centro.

Temporalización: 3º Trimestre.

Orzamento: Sen custo.

Responsables: María Luisa Pita Rubido (Dpto. L.G. / ACE).

Vanessa Pita Santalla (E.D.L.G.).

B.9 Pintura-mural.- Tema: Letras Galegas

Obxectivos:

- Valorar a realización dun traballo colectivo de forma cooperativa.
- Sensibilizarnos ante unha produción artística.

Destinatarios: Alumnado de Secundaria.

Temporalización: 3º Trimestre.

Orzamento: 100 €.

Responsable: Alicia González Alonso (Dpto. Plástica e Visual).

B.10 Terceira Exposición Etnográfica de utensilios, materiais, vestimentas tradicionais, etc. dos nosos antergos

Obxectivos:

- Coñecer as ferramentas, utensilos, vestimentas, etc. dos nosos antergos.
- Coñecer os nomes en galego de todos os obxectos que aparecen na exposición.

- Realizar un traballo conxunto coas familias do noso alumnado.
- Achegarnos á forma de vida do pasado e valorar, na xusta medida, a nosa.

Destinatarios: Toda a Comunidade Educativa.

Temporalización: 3º Trimestre.

Orzamento: 20 €.

Responsables: Luisa Pita Rubido (Dpto. L.G., Dpto. de A.C.E.).

Mª José Ruán Serantes (Xefatura de Estudos de E.I. e E.P)

Vanessa Pita Santalla (E.D.L.G.).

B.11 Proxecto da TV do CPI Atios

Obxectivos:

- Tentar poñer en marcha unha canle de TV no CPI de Atios que teña como lingua vehicular o galego.
- Utilizar as TIC's para realizar todas as actividades necesarias para poder emitir os nosos 1º programas de TV.
- Apoiarnos na TV como medio para ampliar o currículo e poñernos en contacto cos familias do alumnado, e a xente en xeral, para darlles a coñecer os proxectos, traballos e actividades do noso Centro.
- Valorar a realización do traballo ben feito en equipo.

Destinatarios: Todo o alumnado do Centro.

Temporalización: 1º, 2º e 3º trimestre.

Orzamento: 2000€

Responsables: Luisa Pita Rubido (Dpto. de A.C.E.).

Equipo das TIC's do Centro.

Persoal docente dos distintos Departamentos.

Vanessa Pita Santalla (E.D.L.G.).

C. REPRESENTACIÓNS TEATRAIS NO CENTRO

C.1 Representacións con monicreques

Obxectivos:

- Achegar ao alumnado ao teatro con monicreques como medio de representación artística na nosa lingua galega.

- Fomentar a creatividade do alumnado invitándolle a inventar pequenas historias para ser representadas despois con monecos.

- Realizar a actividade en pequenos grupos mixtos de traballo, fomentando así a participación e a coeducación.

- Disfrutar colectivamente, aprendendo a respectar aos demais.

- Representar as obriñas para o alumnado de 3º, 4º, 5º e 6º de E.P. do noso Centro e para o alumnado do Colexio Concertado Ludy, na Casa da Cultura de Valdoviño.

- Convivir co alumnado dun Centro Concertado de Ferrol.

Destinatarios: Alumnado de 2º e 3º Ciclo de E.P. de Atios e 6º de E.P. do Colexio Concertado Ludy de Ferrol.

Temporalización: 1º Trimestre.

Orzamento: Sen custo.

Responsable: Vanessa Pita Santalla (E.D.L.G.)

Daniel Díaz Viqueira (Dpto. de Música)

D. OUTRAS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

D.1 “Venres gastronómicos. Proxecto Plurianual

Obxectivos:

- Achegar ao alumnado á gastronomía a través do proxecto, utilizando o galego como lingua vehicular.

- Dar a coñecer ás familias os menús do comedor en lingua galega.

- Degustar, valorar e compartir, o último venres de cada mes, un menú relacionado coa temática da película correspondente.

Destinatarios: Usuarios do comedor e todo o alumnado, profesorado e traballadores do Centro (degustación nos recreos). Puntualmente, toda a Comunidade Educativa.

Temporalización: Todo o curso escolar.

Orzamento: 1.400 €

Responsables: Juan R. Alonso García (Responsable do Comedor Escolar).

Luisa Pita Rubido (responsable Dpto. de A.C.E.).

Mª José Ruán Serantes (Xefatura de Estudos EI/EP)

Titorías e Especialistas dos distintos niveis educativos.

Vanessa Pita Santalla (E.D.L.G.)

D.2 Festa do Samaín e Magosto

Obxectivos:

- Por en contacto ó alumnado coas distintas manifestacións das festas tradicionais de outono.
- Recuperar a tradición das cancións relacionadas con estas festas.
- Gozar coa realización das cabazas, os colares de castañas e a degustación das castañas asadas co leite.

Destinatarios: Todo o alumnado do Centro.

Temporalización: 1º Trimestre.

Orzamento: Sen custo.

Responsables: Luisa Pita Rubido (responsable Dpto. de A.C.E.).

Vanessa Pita Santalla (E.D.L.G.).

D.3 Actividade da Gran Xincana do Nadal

Obxectivos:

- Colaborar todos os Departamentos do Centro na realización das probas do Gran Xogo para compartir responsabilidades e dar exemplo ó alumnado de compromiso cara á nosa lingua.
- Aprender e crear un bo ambiente de xogo cooperativo entre o alumnado dos distintos niveis que compoñen cada equipo.

- Gozar dun día de festa no colexio.

Destinatarios: Alumnado de 2ºe 3º Ciclo de E.P. e alumnado de E.S.O.

Temporalización: 1º Trimestre.

Orzamento: 150 €.

Responsables: Luisa Pita Rubido (responsable Dpto. de A.C.E.).

Carlos Alberto Bacelo López (Dpto. de E. Física)

Vanessa Pita Santalla (E.D.L.G.).

D.4 Obradoiros do Nadal

Obxectivos:

- Aprender e crear un bo ambiente de xogo cooperativo entre o alumnado dos distintos niveis que compoñen cada equipo.
- Gozar dun día de festa no colexio.

Destinatarios: Alumnado de E.I e 1º Ciclo de E.P.

Temporalización: 1º Trimestre.

Orzamento: 50 €.

Responsables: Luisa Pita Rubido (responsable Dpto. de A.C.E.).

Equipo de docentes de E.I.

Vanessa Pita Santalla (E.D.L.G.)

D.5 Día contra o maltrato e a violencia de xénero

Obxectivos:

- Concienciar ó alumnado da grave problemática do maltrato.
- Realizar un traballo colectivo e de colaboración entre todo o Centro.
- Manifestar o noso compromiso contra todo tipo de violencia e, especialmente, a violencia de xénero, utilizando o galego como lingua vehicular.

Destinatarios: Todo o alumnado do Centro.

Temporalización: 1º Trimestre.

Orzamento: Sen custo.

Responsables: Luisa Pita Rubido (responsable Dpto. de A.C.E.).

Daniel Díaz Viqueira (Dpto. de Música).

Vanessa Pita Santalla (E.D.L.G.).

D.6 Día da Paz

Obxectivo:

- Reflexionar e concienciar ó alumnado sobre a paz no noso contorno.
- Realizar un traballo colectivo e de colaboración entre todo o Centro.
- Manifestar o noso compromiso para manter a paz ao noso arredor, utilizando o galego como lingua vehicular.

Destinatarios: Todo o alumnado do Centro.

Temporalización: 2º Trimestre.

Orzamento: Sen custo.

Responsables: Luisa Pita Rubido (responsable Dpto. de A.C.E.).

María Sonia Corral Almeida (Biblioteca).

Vanessa Pita Santalla (E.D.L.G.).

Daniel Díaz Viqueira (Dpto. de Música).

D.7 Entroido. Exposición de cartaces coas principais manifestacións do Entroido na Galiza. Coplas de Entroido. Festa

Obxectivos:

- Pór en contacto ao alumnado coas distintas manifestacións da festa do Entroido na nosa xeografía galega e unha breve explicación de cada unha delas.

- Recuperar a tradición das coplas populares. Inventar as nosas propias coplas.
- Facer colectivamente os disfraces relacionados co proxecto de “ Voz Natura ”.
- Gozar coas nosas festas e facer partícipe a toda a poboación de Valdoviño saíndo en comparsas ata a Casa da Cultura onde se cantarán as coplas.

Destinatarios: Todo o alumnado do Centro e o vecindario do pobo.

Temporalización: 2º Trimestre.

Orzamento: 500€

Responsables: O Profesorado do Centro (en colaboración coas familias).

Luisa Pita Rubido (responsable Dpto. de A.C.E.).

Vanessa Pita Santalla (E.D.L.G.).

D.8 Día do Libro

Obxectivos:

- Dar o xusto recoñecemento á figura e a obra dun escritor contemporáneo de Valdoviño (aínda por determinar) cun proxecto levado adiante polos Grupos de Traballo das TIC´s do noso Centro en colaboración co Dpto. de Lingua Galega e o E.D.L.G.

- Valorar a importancia dos libros na nosa educación e nas nosas vidas.
- Elaborar un marcapáxinas conmemorativo do día en galego.

Destinatarios: Todo o alumnado do centro.

Temporalización: 3º Trimestre.

Orzamento: 300 €

Responsables: Andrés Manuel Díaz Prieto (Grupo de Traballo das TIC´s)

María Sonia Corral Almeida (Biblioteca).

Vanessa Pita Santalla (E.D.L.G.).

Luisa Pita Rubido (E.D.L.G. - Dpto. L.G-Dpto. de A.C.E.)

D.9 Festa dos Maios

Obxectivos:

- Manter a tradición da nosa festa tradicional da benvinda á primavera.
- Aprender cancións populares na nosa Lingua Galega referentes ós Maios.
- Construír entre todas e todos unha alfombra floral e un Maio por cada nivel educativo.

Destinatarios: Todo o alumnado do Centro.

Temporalización: 3º Trimestre.

Orzamento: Sen custo.

Responsables: Luisa Pita Rubido (responsable Dpto. de A.C.E.).

Mª José Ruán Serantes(Xefatura de Estudos de E.I. e E.P.)

Vanessa Pita Santalla (E.D.L.G.).

Daniel Díaz Viqueira (Dpto. de Música).

D.10 Festa das Letras Galegas

Obxectivos:

- Celebrar a nosa Lingua Galega coma o ben máis preciado que temos como signo de identidade.
- Aprender e interpretar o noso Himno Galego e outras cancións populares do noso folclore galego.
- Coñecer a vida e obra de Carballo Calero Utilizaremos as TIC´s.
- Revivir as nosas feiras populares como parte da nosa idiosincrasia galega.
- Recuperar algúns traballos artesanais que todavía están vixentes entre a xente do noso Concello de Valdoviño: zoqueiros, cesteiros, zapateiros, palilleiras...
- Disfrutar do noso folclore en directo: gaiteiros, bailes tradicionais, cantareiras...
- Realizar obradoiros interactivos entre todo o alumnado do centro.
- Montar unha exposición etnográfica de utensilios, materiais, instrumentos, vestimentas tradicionais galegas, etc. dos nosos antergos.

Destinatarios: Toda a Comunidade Educativa.

Temporalización: 3º Trimestre.

Orzamento: 2000 €

Responsables: Luisa Pita Rubido (responsable Dpto. de A.C.E.).

Vanessa Pita Santalla (E.D.L.G.).

Daniel Díaz Viqueira (Dpto. de Música).

D.11 Festa de Fin de Curso

Obxectivos:

- Gozar do remate do curso como momento de convivencia entre os distintos membros da Comunidade Educativa.

• Valorar os traballos conxuntos preparados polas distintos niveis para o Festival de Fin de Curso.

Destinatarios: Toda a Comunidade Educativa.

Temporalización: 3º Trimestre.

Orzamento: Sen custo.

Responsables: Luisa Pita Rubido (responsable Dpto. de A.C.E.).

Titorías de E.I. e de E.P. e especialistas dos distintos niveis.

Daniel Díaz Viqueira (Dpto. de Música).

Vanessa Pita Santalla (EDLG).

D.12 Saídas culturais fóra do Centro organizadas polo departamento de Lingua e Literatura Galega

1º CICLO DA ESO

Visita ás instalacións dun xornal de grande tirada en Galicia ou visita ás instalacións da TVG. Visita a Compostela en xeral así como a algunha exposición permanente ou itinerante de interese para a nosa cultura (3º trimestre)

- 3º ESO.

Ruta Rosaliana: Visitarase a casa da Matanza (Padrón), Ortoño, Lestrove, pódese tamén visitar o xardín botánico en Padrón. Museo do Pobo Galego, San Domingo de Bonaval . 3º trimestre.

Asistencia a una representación teatral (2º trimestre).

- 4º ESO.

Rianxo (Casa de Castelao, Dieste e M. Antonio) e Museo de Pontevedra. (2º Trimestre)

Asistencia a una representación teatral (2º trimestre)

Ruta da auga. Mondoñedo. Lugo (3º Trimestre).

Responsables: Maria Luisa Pita Rubido

E. ACTIVIDADES DA COORDINADORA DE EQUIPOS DE NORMALIZACIÓN LIGÜÍSTICA DE FERROLTERRA

E.1 Teatro con G

Preparación, montaxe e asistencia ás representacións teatrais da programación da Concellaría de Educación do Concello de Ferrol. Nós

prepararemos unha obra para participar na mostra deste ano 2013, pero todavía está por determinar.

Obxectivos:

• Achegar ao alumnado ao mundo do teatro a través da posta en escea dunha pequena obra teatral.

• Disfrutar do teatro como representación artística.

• Valorar o esforzo dun traballo ben feito.

• Realizar unha actividade en prol da coeducación.

Destinatarios: Alumnado de 2º ou 3º Ciclo de E.P.

Temporalización: 3º Trimestre.

Orzamento: 250 €

Responsable: María Sonia Corral Almeida (Biblioteca).

Dolores Somoza Rodríguez (Dpto. de Relixión Católica).

Vanessa Pita Santalla (E.D.L.G.).

E.2 Festival: “A Mocidade coa Lingua”

Celébrase no Parque Raíña Sofía (Ferrol) no mes de xuño. Actúan grupos musicais dos Centros e algún grupo xa máis consolidado.

Destinatarios: Alumnado de E.S.O.

Temporalización: Maio-xuño.

Orzamento: O precio do autobús.

Responsable: Daniel Díaz Viqueira (Dpto. de Música).

Luisa Pita Rubido (responsable Dpto. de A.C.E.).

Vanessa Pita Santalla (E.D.L.G.).

E.3 Certame “Poesía e Imaxe”

Exposto no apartado de concursos.

9. ATENCIÓN A DIVERSIDADE

Está regulada polo seguinte decreto:

DECRETO 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

O Proxecto Lingüístico de Centro (PLC) é decisivo en relación coa atención á diversidade por diversos factores. En primeiro lugar, o PLC, como parte do PEC, é unha ferramenta fundamental de construción da escola inclusiva, posto que as linguas son un factor fundamental de inclusión. En segundo lugar, boa parte dos problemas aos que se ten que enfrontar o noso alumnado son problemas lingüísticos. Por último, a atención á diversidade require unha atención global en distintos ámbitos de intervención e é, por iso, necesario contemplar dende as estratexias da aula ata o apoio na aula e fóra dela, dende a adecuación do currículo ata os aspectos organizativos ou a cooperación entre o centro e o entorno.

Neste sentido, o PLC contempla dous tipos de medidas en relación coa atención á diversidade: xenéricas e específicas, as cales aparecen desenvolvidas no Plan Xeral de Atención á Diversidade do Centro.

As medidas xenéricas atópanse activas de xeito permanente e configuran unha forma de traballo normalizada; entre estas medidas, que son levadas a cabo polo profesorado do centro na medida que as circunstancias pedagóxicas o permitan, atoparanse a elección das estratexias máis eficaces para o ensino das linguas:

- ✓ Utilizar estratexias metodolóxicas que favorezan a participación de todo o alumnado e a autonomía na aprendizaxe.
- ✓ Combinar diferentes tipos de actividades.
- ✓ Programar varias actividades para tratar cada un dos contidos fundamentais.
- ✓ Propor actividades que poñan en xogo distintas estratexias de aprendizaxe.
- ✓ Posibilidade de distintas formas de agrupamento.
- ✓ Incluír a elaboración de materiais por parte do alumnado como contido das diferentes linguas.

- ✓ Seleccionar e utilizar materiais curriculares diversos.

As medidas específicas, por outro lado, activaranse segundo a necesidade que teña un estudante nun momento determinado de traballo escolar. Entre estas medidas específicas de atención á diversidade figuran as seguintes:

- ✓ Avaliación a principio de cada curso do alumnado e busca de información pertinente sobre temas relacionados coa competencia comunicativa do alumnado (discapacidade, lingua materna do alumnado, etc.)

- ✓ A partires da avaliación anterior e logo, se é o caso, dunha avaliación psicopedagóxica, haberá unha intervención en relación con alteracións da linguaxe oral e escrita.

✓ Uso de sistemas aumentativos e alternativos de comunicación. Actualmente están escolarizados no noso centro varios alumn@s con dificultades graves na comunicación, de orixe tanto motor como sensorial, cos que se utilizan este tipo de sistemas.

✓ Ensino do castelán e galego como novas linguas a estudantes falantes doutras linguas.

✓ Existencia de grupos de desdobre, grupos de reforzo e agrupamentos específicos nas linguas oficiais e nas estranxeiras.

En todo caso estas medidas xenéricas y específicas desenvolveranse, sempre que sexa posible, nun grupo ordinario a tempo completo e, cando sexa necesario, con apoios dentro do grupo.

10. CONCLUSIÓNS

O Proxecto Lingüístico de Centro do CPI Atios marca as liñas de actuación para o desenvolvemento da competencia en comunicación lingüística que estamos tratando de establecer partindo dunha análise da realidade do noso centro.

É un documento aberto, que ten que ser complementado, avaliado, corrixido tanto no próximo curso como a máis longo prazo.

Este é só o comezo dun longo proceso no que están implicados todas as áreas, materias, proxectos e equipos existentes no noso centro co obxectivo fundamental de mellorar a competencia en comunicación lingüística.

Esixe un esforzo de coordinación entre o profesorado de todos os departamentos e areas das distintas etapas, o Departamento de Orientación, o Equipo de Dinamización Lingüística, o equipo directivo, o Plan de Fomento da Lectura, a Biblioteca do centro, o uso das TICs, as seccións bilingües e as actividades extraescolares.

Todos estes elementos están presentes en maior ou menor medida no noso proxecto. Ademais hai que sumar as familias do alumnado e o as institucións do contorno, que sen dúbida están a contribuír no noso proxecto.

Conseguir que todos estes elementos se coordinen é unha tarefa inxente e por iso debe ser un traballo continuado no tempo.

O PLC ten que ser unha ferramenta de investigación-acción para mellorar a competencia en comunicación lingüística e debe ser un instrumento aberto a todos os grupos e en constante construción.

Este **PROXECTO SOCIOLINGÜÍSTICO** foi revisado polo **Consello Escolar** na súa reunión do **de outubro de 2022**.

Vto e Prace:

O director

A secretaria



Asdo.: Antonio Cebreiro Melero

Asdo.: Dolores Freire Villar

Valdoviño a de outubro de 2022